CONCELLO DE VIMIANZO

ANUNCIO

BASES DE PARTICIPACIÓN NO RECUNCHO GASTRONÓMICO

PROGRAMACIÓN DE NADAL DO CONCELLO DE VIMIANZO. Nadal 2026-2027

Expte.: 2026/X999/000279

ANTECEDENTES

O Concello de Vimianzo consolidou nos últimos anos unha programación de Nadal de ampla repercusión na Costa da Morte, na que a pista de xeo, os espectáculos e o Recuncho Gastronómico —instalado nunha carpa en forma de iglú na Praza do Concello entre o 28 de novembro de 2026 e o 10 de xaneiro de 2027— actúan como eixos vertebradores da dinamización social e económica.

A instalación do "Recuncho Gastronómico" enmárcase nas competencias propias que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), atribúe aos municipios no seu artigo 25.2, concretamente en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais (letra m), promoción do deporte e ocupación do tempo libre (letra l), feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante (letra i), así como a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local (letra h). Así mesmo, o artigo 25.1 habilita o Concello para promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A posta en marcha deste espazo ten unha dobre vertente, social e económica, que foi recollida na elaboración das bases:

Cohesión social e ocio familiar: O recinto cuberto garante un punto de encontro interxeracional protexido das inclemencias invernais. Os amplos horarios mínimos obrigatorios —especialmente o servizo ininterrompido de 12:00 a 23:00 horas durante as fins de semana, a ponte de decembro e o período non lectivo do 19 de decembro ao 10 de xaneiro— e a variedade de postos (doces, bebidas, comida salgada e lambetadas) ofrecen ás familias unha alternativa de lecer segura e completa sen saír do municipio.

Impulso ao comercio, á hostalaría e ao produto local: A concentración de actividades no centro urbano durante máis de seis semanas xera un fluxo constante de público que dinamiza o comercio de proximidade e a hostalaría vimiancesa. As bases fomentan a elaboración propia con produto local..

Proxección turística e eficiencia na xestión: O atractivo conxunto da pista de xeo, a programación cultural e o formato singular do iglú gastronómico desestacionaliza a demanda turística, posicionando Vimianzo como destino de referencia en Galicia. Todo isto articúlase baixo un modelo de corresponsabilidade público-privada no que o Concello achega o espazo, a programación central e as casetas municipais, mentres que os adxudicatarios comparten os custos operativos (carpa, aseos, limpeza, subministros e parte das actuacións), optimizando así os recursos públicos.

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)
Tel. 981716001
Fax 981716650
correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal

CVD: I2JHR7uHax8SVqV8obnt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vimianzo.gal/

CONCELLO DE VIMIANZO

BASES DE PARTICIPACIÓN NO RECUNCHO GASTRONÓMICO DA PROGRAMACIÓN DE NADAL DO CONCELLO DE VIMIANZO.
Nadal 2026-2027

1. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións de participación no Recuncho Gastronómico que se instalará na Praza do Concello durante a Programación de Nadal 2026-2027 do Concello de Vimianzo.

A participación articularase mediante autorización temporal para a ocupación do espazo público asignado a cada posto, exclusivamente durante o período establecido nestas bases e nas condicións que determine o Concello.

O Recuncho Gastronómico formará parte da programación municipal de Nadal e funcionará de maneira coordinada coa pista de xeo e coas actividades que se desenvolvan no seu contorno. A finalidade é ofrecer un servizo complementario ao público, garantir variedade na oferta e contribuír á dinamización do comercio e da hostalaría local e ampliar a oferta de ocio familiar durante a campaña de Nadal.

2. Duración, días e horarios mínimos de apertura

O período xeral de funcionamento comprenderá desde o 28 de novembro de 2026, coincidindo co acendido do alumeado de Nadal, ata o 10 de xaneiro de 2027, data prevista para a clausura da pista de xeo.

Dentro deste período, os postos deberán permanecer abertos, como mínimo, nos seguintes días e horarios:

Período	Horario mínimo obrigatorio
28 de novembro e venres 4, 11 e 18 de decembro	17:00 a 23:00 h
29 de novembro; do 5 ao 8 de decembro; e 12 e 13 de decembro	12:00 a 23:00 h
Do 19 de decembro ao 10 de xaneiro, agás as excepcións indicadas a continuación	12:00 a 23:00 h, de maneira ininterrompida
24 e 31 de decembro	12:00 a 18:00 h
25 de decembro e 1 de xaneiro	18:00 a 23:00 h

Estes horarios teñen carácter mínimo. A ampliación do horario, ou a apertura noutros días dentro do período xeral autorizado, poderá realizarse sempre que sexa compatible co funcionamento do recinto e coa programación municipal e conte coa conformidade do Concello.

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)
Tel. 981716001
Fax 981716650
correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal

CVD: I2JHR7uHax8SVqV8obnt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vimianzo.gal/

CONCELLO DE VIMIANZO

3. Tipoloxía e número de postos

O Recuncho Gastronómico contará, como mínimo, coas seguintes tipoloxías de postos:

1. **Posto de doces e sobremesas.** Destinado principalmente á elaboración e venda de produtos doces, como chocolate, cafés, filloas, crêpes, churros, gofres, sobremesas ou produtos similares. Non poderá realizar a venda xeral de bebidas nin de produtos propios dos postos de comida.
2. **Posto de bebidas.** Destinado á venda de bebidas autorizadas para o seu consumo no recinto. Non poderá elaborar nin comercializar produtos propios dos postos de comida ou de doces e sobremesas.
3. **Posto de comida.** Destinado á elaboración e venda de produtos alimentarios salgados ou pratos preparados para consumo no recinto, como hamburguesas, bocadillos, pizzas, empanadas, racións ou produtos similares. Non poderá realizar a venda de bebidas.
4. **Posto de lambetadas.** Destinado principalmente á venda de gominolas, caramelos, regaliz, piruletas e outros produtos de características similares. Non poderá comercializar produtos elaborados propios do posto de doces e sobremesas, comida preparada nin bebidas.

No caso de existir espazo dispoñible e solicitudes suficientes, o Concello poderá autorizar algún posto adicional sempre que contribúa a ampliar ou complementar a oferta existente.

Poderá autorizarse máis dun posto dunha mesma modalidade cando a oferta sexa suficientemente diferenciada. No caso concreto de existir dous ou máis postos de comida, non poderán ter como produto ou especialidade principal a mesma tipoloxía de comida.

Cada solicitante deberá indicar na solicitude os produtos ou especialidades principais que pretende comercializar. Esta oferta formará parte das condicións da autorización. O Concello poderá determinar se a proposta resulta suficientemente diferenciada da dos restantes postos para evitar solapamentos e garantir a variedade do Recuncho Gastronómico.

O número e a tipoloxía definitiva dos postos deberán quedar establecidos antes do inicio da actividade. Unha vez iniciada a programación, o 28 de novembro de 2026, non se autorizará a incorporación de novos postos.

4. Requisitos das persoas solicitantes

Poderán solicitar a participación as persoas físicas ou xurídicas legalmente habilitadas para desenvolver a actividade correspondente e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda para o exercicio da actividade.

b) Estar de alta na Axencia Tributaria no epígrafe do IAE correspondente á actividade de hostalaría ou venda ambulante que habilite para desenvolver a actividade solicitada en Vimianzo.

c) Dispor da inscrición, comunicación ou autorización sanitaria que resulte esixible para a actividade alimentaria que se pretenda desenvolver, incluída a inscrición no Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios (REGASA) cando corresponda.

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)
Tel. 981716001
Fax 981716650
correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal

CVD: I2JHR7uHax8SVqV8obnt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vimianzo.gal/

d) Dispor dun seguro de responsabilidade civil en vigor durante todo o período de funcionamento do Recuncho Gastronómico, cunha cobertura suficiente e adecuada á actividade desenvolvida no posto.

- A póliza deberá cubrir, como mínimo, os posibles danos persoais e materiais causados a clientes, terceiros, bens ou instalacións municipais como consecuencia da actividade.
- Deberá incluír tamén a responsabilidade derivada dos alimentos, bebidas ou produtos comercializados, incluídos os posibles danos ocasionados por deficiencias nas súas condicións hixiénico-sanitarias.
- A vixencia do seguro acreditarase mediante a póliza e o recibo ou documento acreditativo do seu pagamento. Se a póliza vence durante a campaña, deberá acreditarse a súa renovación antes da data de vencemento.

e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non manter débedas en período executivo co Concello de Vimianzo.

5. Solicitude e oferta de produtos

Na solicitude deberá identificarse claramente a modalidade de posto á que se opta e a relación de produtos ou especialidades que se pretenden comercializar. No caso dos postos de comida, deberá indicarse de maneira expresa a especialidade ou tipoloxía principal da oferta.

Xunto coa solicitude deberá achegarse a documentación acreditativa dos requisitos establecidos no apartado anterior ou, cando así se determine, a correspondente declaración responsable, sen prexuízo da preceptiva Declaración Responsable que deba presentarse por cada actuación a celebrar e que está dispoñible na sede electrónica do Concello de Vimianzo.

6. Obrigas das persoas autorizadas

6.1. Funcionamento dos postos

a) Cumprir os días e horarios mínimos de apertura establecidos nestas bases, garantindo a continuidade do servizo durante os períodos de apertura obrigatoria.

b) Desenvolver exclusivamente a actividade e comercializar os produtos autorizados para cada posto.

c) Manter o posto atendido e en condicións adecuadas de funcionamento, orde, seguridade e limpeza durante todo o horario de apertura.

d) Recoméndase priorizar o uso de produto local e a elaboración propia dos produtos, evitando na medida do posible o recurso a produtos precociñados.

e) Xestionar activamente a promoción do Recuncho Gastronómico e das actividades incluídas na Programación municipal de Nadal a través das redes sociais. Os titulares dos postos deberán coordinarse para realizar a difusión conxunta no perfil do Recuncho Gastronómico e compartir as publicacións cos perfís oficiais do Concello de Vimianzo.

f) Ter a vista a listaxe de prezos, alérxenos e produtos ofertados.

CVD: I2JHR7uHax8SVqV8obnt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vimianzo.gal/

CONCELLO DE VIMIANZO

6.2. Gastos e obrigas comúns

a) Asumir conxuntamente o custo do aluguer da carpa da pista de xeo, de 15 x 20 metros. O gasto repartirase entre a totalidade dos postos definitivamente autorizados.

b) Facerse cargo, de maneira conxunta, do aluguer dun mínimo de 2 aseos públicos portátiles necesarios para o servizo das persoas usuarias do Recuncho Gastronómico. Non se fixa un número concreto de unidades, pero deberán resultar suficientes para atender adecuadamente a actividade e estar debidamente sinalizados.

c) Asumir conxuntamente o custo de tres actuacións incluídas na Programación de Nadal do Concello de Vimianzo que se celebrarán no espazo do Recuncho Gastronómico. A súa celebración coordinarase previamente co Concello.

d) Facerse cargo do custo do consumo eléctrico correspondente ao seu propio posto. Cada posto contará cun sistema de medición individual, polo que cada titular asumirá exclusivamente o importe da electricidade efectivamente consumida durante o período de funcionamento.

e) Facerse cargo, de maneira conxunta, dun número determinado de packs de consumicións acordados previamente para os monitores da pista de xeo e dos membros das exhibicións de patinaxe.

f) Dotar conxuntamente o Recuncho Gastronómico do mobiliario necesario para o seu funcionamento, incluíndo mesas, cadeiras, papeleiras e outros elementos de uso común que resulten necesarios.

g) Retirar temporalmente, cando así o requira o Concello, o mobiliario instalado na zona común (mesas, cadeiras e demais elementos) para permitir a celebración das actuacións ou actividades incluídas na programación municipal que precisen utilizar ese espazo, ben para o desenvolvemento da propia actuación, ben para a súa ocupación polo público. A retirada e posterior recolocación do mobiliario será responsabilidade conxunta dos postos e realizarase coa antelación que indique o Concello.

Todas as obrigas económicas e organizativas de carácter común serán asumidas pola totalidade dos postos definitivamente autorizados antes do inicio da actividade.

6.3. Limpeza e residuos

a) Manter diariamente e de forma continua en perfecto estado de limpeza e hixiene o propio posto e o espazo directamente vinculado á súa actividade.

b) Colaborar na limpeza da zona común de mesas, dos aseos públicos e dos demais espazos compartidos. Antes do inicio da actividade, os postos deberán elaborar un calendario de limpeza no que queden asignados de maneira concreta os días ou quendas correspondentes a cada un.

c) Aínda que a zona de mesas funcione en réxime de autoservizo por parte dos clientes, os postos estarán obrigados a revisar periodicamente o seu estado durante o horario de apertura, retirar os residuos e recoller e limpar as mesas cando sexa necesario.

d) O calendario de limpeza deberá permitir identificar en cada momento o posto responsable. A falta de limpeza nunha quenda asignada será imputable ao posto ao que lle corresponda segundo o calendario establecido. O calendario incluirá expresamente as quendas de limpeza dos aseos públicos.

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)
Tel. 981716001
Fax 981716650
correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal

CVD: I2JHR7uHax8SVqV8obnt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vimianzo.gal/

e) Durante as quendas asignadas, o posto responsable deberá manter os aseos en condicións adecuadas de limpeza e repoñer o material necesario para o uso dos clientes, incluíndo xabón, papel para o secado de mans, papel hixiénico e demais elementos básicos de aseo.

f) Recoller os residuos xerados pola actividade e depositalos nos colectores ou lugares habilitados para tal fin, evitando a acumulación de lixo no interior ou no contorno do Recuncho Gastronómico.

6.4. Hixiene e seguridade alimentaria

a) Cumprir en todo momento a normativa sanitaria e de seguridade alimentaria aplicable á elaboración, manipulación, conservación, exposición e venda dos produtos comercializados.

b) Garantir que todo o persoal que manipule alimentos dispoña da formación adecuada en materia de hixiene e seguridade alimentaria, de acordo coa normativa vixente e coas funcións que desenvolva no posto.

c) Poder acreditar a formación do persoal manipulador cando sexa requirida polo Concello ou pola autoridade competente.

6.5. Responsabilidade sobre os espazos e instalacións

a) Responder dos danos que, como consecuencia da actividade ou do uso dos elementos postos á súa disposición, se causen ás instalacións municipais, ao mobiliario, a terceiros ou aos bens destes.

b) Devolver, ao remate da campaña, os elementos municipais utilizados no mesmo estado de conservación no que foron entregados, salvo o desgaste derivado dun uso normal.

7. Compromisos do Concello de Vimianzo

O Concello de Vimianzo asumirá os seguintes compromisos en relación co funcionamento do Recuncho Gastronómico:

a) Autorizar o uso temporal do espazo público destinado ao Recuncho Gastronómico durante o período establecido nestas bases.

b) Elaborar e desenvolver unha programación de Nadal durante o período de funcionamento, con actividades destinadas a favorecer a afluencia de público, apoiar a actividade comercial e hostaleira local e ampliar a oferta de ocio familiar.

c) Manter en funcionamento a pista de xeo municipal durante o período previsto, de acordo co calendario e horario de apertura que se estableza posteriormente.

d) Poñer a disposición dos postos tres casetas de Nadal de titularidade municipal, destinadas respectivamente ao posto de comida, ao posto de bebidas e ao posto de doces e sobremesas.

e) Asignar ao posto de lambetadas un espazo dentro do Recuncho Gastronómico, sen cesión dunha caseta municipal, e poñer á súa disposición un mostrador para a exposición dos produtos.

Os postos adicionais que, de ser o caso, se autoricen non xerarán dereito á utilización dunha caseta municipal e deberán instalarse no espazo e nas condicións que determine previamente o Concello.

CVD: I2JHR7uHax8SVqV8obnt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vimianzo.gal/

8. Modificación das condicións autorizadas

Calquera modificación das condicións inicialmente solicitadas ou autorizadas, así como calquera actuación que se pretenda realizar fóra do expresamente previsto nestas bases, deberá ser solicitada previamente ao Concello de Vimianzo e contar coa súa autorización antes de levarse a cabo.

Esta obriga será aplicable, entre outras cuestións, aos cambios na tipoloxía ou variedade de produtos comercializados, instalacións ou equipamentos empregados, distribución ou configuración do posto, horarios e calquera outra condición relacionada coa participación no Recuncho Gastronómico.

A ausencia de autorización previa impedirá realizar a modificación proposta.

9. Incumprimentos

O incumprimento das condicións establecidas nestas bases ou na autorización concedida poderá dar lugar ao correspondente requirimento municipal para a súa corrección inmediata.

Para o bo funcionamento do Recuncho Gastronómico, procurarase manter en todo momento un clima de colaboración, respecto e boa convivencia entre os distintos postos, así como unha atención correcta e cordial ás persoas usuarias.

Os incumprimentos graves ou reiterados, especialmente os relativos aos horarios mínimos de apertura, á limpeza dos espazos, á venda de produtos non autorizados, ás condicións hixiénico-sanitarias ou ás obrigas económicas comúns, poderán determinar a revogación da autorización, sen prexuízo das responsabilidades que, de ser o caso, procedan.

10. Aceptación das bases

A presentación da solicitude para participar no Recuncho Gastronómico implica o coñecemento e a aceptación integral das presentes bases, así como o compromiso de cumprir as condicións particulares que se recollan na autorización municipal.

11. Prazo e forma de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes remata cinco días naturais despois da publicación destas bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vimianzo.

As empresas interesadas deberán presentar as súas solicitudes no Rexistro do Concello de Vimianzo ou pola sede electrónica.

12. Criterios de selección

No caso de existir máis solicitudes que postos dispoñibles, realizarase un sorteo que convocará a Alcaldía.

CVD: I2JHR7uHax8SVqV8obnt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vimianzo.gal/

CONCELLO DE VIMIANZO

DILIXENCIA: Estas bases foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 1796/2026 do 17/11/2026.

Vimianzo, 18 de novembro de 2026

A alcaldesa de Vimianzo

Mónica Rodríguez Ordóñez

CVD: I2JHR7uHax8SVqV8obnt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vimianzo.gal/

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)
Tel. 981716001
Fax 981716650
correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal